

BANDO

RAÚL EMILIO CASTRO RODRIGUEZ,

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS NEVES
(PONTEVEDRA)

Fai saber:

Que o pasado 25 de maio de 2011 foi aprobado o expediente de contratación da concesión administrativa de uso privativo do posto número 4 da praza de abastos, sito na planta 2ª, cunha superficie de 10 m2., cun canon para un período de dous anos de 320,00 euros, que poderá ser mellorado ao alza por quen teña interese en exercer no mesmo algunha actividade.

A duración é por dous anos, prorrogable por outros dous anos mais como máximo, e haberá de determinarse a actividade á que se pretende destina-lo posto.

Os que estean interesados en participar nesta licitación, poderán consultar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá esta contratación, na Casa Consistorial, en días laborables de luns a venres, de 9,00 a 14,00h.

As plicas presentaranse no mesmo horario conforme se establece no artigo 5 do referido Prego de Cláusulas Administrativas e o prazo para presentalas remata o 28 de xullo de 2011, inclusive. Abriranse ao día seguinte, ás 12,00 horas.

As Neves, 16 de xuño de 2011.